

Código do documento USG17I01RD	Código do expediente USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2D6L 246D 0S6G 3870 1CUH	

DQR

**DON JOSÉ VILLÁN FUERTES, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO,
PROVINCIA DA CORUÑA**

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada en data trinta de marzo de dous mil vinte e tres, adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

«3.- PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS (PEID) PARA CENTRO DOCENTE EN A RIBEIRA – SÉSAMO. APROBACIÓN DEFINITIVA. (C.I. FACENDA 23/03/2023)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural do 23/03/2023, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de marzo de 2023 (código de documento UAU16I02EX), contida no expediente electrónico UAU/2017/616.

(.../...)

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con quince (15) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (12) e Partido Popular de Culleredo (3), e cinco (5) votos en contra, os dos representantes presentes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- *Aprobar definitivamente o Plan Especial de infraestruturas e Dotacións (PEID), para o Centro Docente en A Ribeira, Sésamo, promovido por "O Castro British School, A Coruña, S.L." segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto, D. Jose Magdalena Nogueira, colexiado COAG número 1622, presentada o 10.02.2023 (registro 2023/1785).*

Segundo.- *Notificar individualmente o acordo de aprobación definitiva a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de acordo con o establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.*

Terceiro.- *Ordenar a publicación do texto íntegro do PEID, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.*

Cuarto.- *Publicar o contido completo do instrumento de plan publicarase na sede electrónica (o páxina web institucional) deste Excmo. Concello de Culleredo.*

Quinto.- *Remisión dun exemplar completo, debidamente dilixenciado, do PEID á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o seu coñecemento.*

Código do documento	Código do expediente
USG17I01RD	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2D6L 246D 0S6G 3870 1CUH	

Sexto.- Solicitar a inscrición do PEID, definitivamente aprobado no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia e no Rexistro Municipal para o seu depósito e inscrición, xunto con certificación do presente acordo de aprobación definitiva.

A tales efectos, o documento aprobado definitivamente será dilixenciado de conformidade co artigo 22.3 das NNTTP, e achegarase xunto co <Anexo 9B, Declaración responsable do proceso de dilixenciado.>>

E para que conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e para os efectos da súa incorporación ao expediente da súa razón, expido a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Culleredo, á data da sinatura dixital

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H



RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
31/03/2023 19:33



VILLÁN FUERTES, JOSÉ
Secretario xeral
31/03/2023 14:45